

Aprobado polo Pleno da Corporación de data vintenove de maio do ano 1997.

Publicado no BOP núm. 232 de data nove de outubro do ano 1997.

ORDENANZA REGULADORA DO EXERCICIO DO COMERCIO AMBULANTE.

DISPOSICIÓNS XERAIS

Os Concellos poderán autorizar, nos seus respectivos municipios, a venda ambulante que é a realizada fóra do establecemento comercial permanente, en solares, na vía pública ou en espazos libres, en lugares e datas variables, en postos ou instalacións desmontables ou en vehículos.

As vendas feitas dentro dos locais ou en recintos ocupados por un certame feiral non terán a consideración de ambulante.

Correspondente aos Concellos, aténdose ao disposto nesta Ordenanza e de acordo coa súa normativa específica, a determinación dos lugares, dimensións, días, horarios e frecuencia nos que se poderá realizar venda ambulante. Para a súa determinación teranse en conta os seguintes aspectos:

- Nivel de equipamento comercial da zona.
- Densidade de tráfico e circulación.
- Acceso aos locais comerciais ou industriais, aos seus escaparates ou exposicións.
- Acceso aos edificios de uso público.
- Condicións para garantir a sanidade e hixiene.
- Interese dos consumidores.
- Tradición e costume deste modo de venda no concello.

En todo caso, estableceranse zonas urbanas de emplacements autorizados para o exercicio da venda ambulante, para o que se terá en conta o anteriormente especificado, a adecuación á estrutura e necesidades de consumo da poboación, así como á densidade da mesma.

A autorización municipal para o exercicio da venda ambulante estará sometida a comprobación previa polo ente municipal do cumprimento polo peticionario dos requisitos legais en vigor para o exercicio do comercio a que se refire e do establecido pola regulación do produto cuxa venda se autoriza.

As autorizacións terán carácter discrecional e temporal e renovábeis cando, en relación co cumprimento do Real Decreto regulador e das Ordenanzas Municipais, se cometan infraccións graves tipificadas, non dando dereito, nestes casos, a indemnizacións nin compensacións de ningún tipo.

Os vendedores ambulantes deberán cumprir, no exercicio da súa actividade mercantil, coa normativa vixente en materia de exercicio do comercio e de disciplina de mercado, así como responder dos produtos de venda, de acordo co establecido polas leis e demais disposicións.

A venda ambulante unicamente poderá levarse a cabo en mercados periódicos ou ocasionais, anexos a mercados fixos ou en postos instalados na vía pública que sexan desmontables ou en vehículos.

A tales efectos, enténdese por:

- Venda ambulante en mercados periódicos: aquela autorizada nos mercados situados en poboacións, en lugares e espazos determinados, cunha periodicidade habitual establecida. Dentro deste apartado están encadrados, entre outras, as realizadas en feiras, mercadiños e "chiringos".

- Venda ambulante en mercados fixos: aquela autorizada en lugares anexos aos mercados municipais ou de abastos, con instalacións permanentes nas poboacións.
- Venda ambulante en postos instalados na vía pública: aquela autorizada para un número de postos, situacións e períodos determinados.
- Venda ambulante en postos ocasionais: aquela autorizada en mercados esporádicos, que teñan lugar con motivo de feiras, festas e acondicionamentos populares.
- Venda ambulante mediante camións ou vehículos-tenda: aquela realizada nos citados medios e autorizada en zonas ou lugares determinados.

E co obxecto de establecer os requisitos e condicións que deben cumprirse para o exercicio da venda que se realice fóra dun establecemento comercial permanente, en solares e espazos abertos, ou na vía pública dentro dos límites do termo municipal, apróbase a presente Ordenanza.

CAPÍTULO I

Condicións Xerais

Artigo 1

- De conformidade co previsto no Real Decreto 1010/1988, de 5 de xuño, a presente Ordenanza ten por obxecto regular o Comercio Ambulante dentro do termo municipal de Arteixo.
- Enténdese por comercio ambulante o que se realiza fóra do establecemento comercial permanente, en solares e espazos libres e zonas verdes ou na vía pública, en lugares e datas variábeis, con uso de instalacións desmontábeis, transportábeis ou móbiles.

Artigo 2

O comercio ambulante regulado na presente Ordenanza é o que se realiza baixo as seguintes modalidades:

- O comercio en mercadiños que se celebren regularmente, cunha periodicidade determinada, en lugares preestablecidos.
- O comercio na rúa, entendéndose por tal o que se celebre nas vías públicas, sen someterse aos requisitos expresados no parágrafo anterior.
- O comercio itinerante, en camións ou furgonetas.
- Outros tipos de comercio:
 - Comercios en postos de enclave fixo ou carácter permanente.
 - Comercios de produtos alimenticios perecedoiros de temporada.
 - Comercio directo por labregos dos seus propios produtos.
 - Comercio en mercados ocasionais, que teñen lugar con motivo de festas ou acontecementos populares.

Artigo 3

En canto á regulación dos produtos que se vendan fóra de establecementos comerciais permanentes permitírase ou prohibírase, así como as circunstancias para iso, estarase ao disposto nas normativas xerais reguladoras de cada produto, quedando prohibida a venda de verduras, hortalizas, legumes, peixe, carnes e derivados dentro dos perímetros sinalados no artigo 4 da presente ordenanza.

Artigo 4

O exercicio do comercio itinerante e comercio na rúa estará suxeito ás restriccións de venda nos núcleos urbanos de Arteixo, Meicende, Pastoriza e Oseiro-Villarrodís, de acordo cos planos que, como anexo 1º, se incorporan nesta Ordenanza.

Artigo 5

Para o exercicio do comercio ambulante dentro do termo municipal esixiranse os seguintes requisitos:

- En relación co titular:
 - Fotocopia DNI.
 - Estar dado de alta no epígrafe ou epígrafes do Imposto sobre Actividades Económicas.
 - Estar dado de alta no réxime da Seguridade Social que corresponda.
 - Gozar do oportuno permiso de residencia e traballo por conta propia, no caso de non dispoñer da nacionalidade española, consonte á normativa vixente na materia, xa sexa nacional ou da Comunidade Económica Europea.
 - Estar na posesión do "Carné profesional de comercio ambulante"
 - Para vender produtos alimentarios é necesario estar en posesión do carné sanitario de expendedor desta clase de artigos.
- En relación coa actividade:
 - Cumprir as condicións esixidas pola normativa reguladora dos produtos obxecto de comercio e, de forma moi especial, daqueles destinados á alimentación.
 - Ter exposto ao público, coa suficiente notoriedade, a placa identificativa e ter igualmente a disposición da autoridade competente ou dos seus funcionarios e axentes, as facturas con tódolos requisitos legais e comprobantes de compras correspondentes aos produtos obxecto de comercio. En caso contrario procederase a poñer a disposición xudicial, ao vendedor e ás mercadorías.
 - Ter tamén expostos ao público, coa suficiente notoriedade, os prezos de venda das mercadorías.
 - Posuír a pertinente autorización municipal, e satisfacer os tributos que as Ordenanzas municipais establecen para este tipo de comercio.

Artigo 6

A Comisión de Goberno resérvase a facultade discrecional de prohibir temporal ou indefinidamente o comercio itinerante ou comercio na rúa.

Artigo 7

Igualmente, a Comisión de Goberno poderá acordar por razóns de excepcional interese público e mediante acordo motivado, traslado do emprazamento comunicándose coa antelación de quince días ao titular da autorización, agás que por razóns de urxencia este prazo deba ser reducido.

Artigo 8

A Comisión de Goberno, por causa de interese xeral e previo cumprimento dos requisitos establecidos, poderá dispoñer o traslado dos postos de venda a outro ou outros lugares, a redución do número de puntos de venda e, incluso, a súa total dispersión, sen que isto dea lugar a ningunha indemnización.

CAPÍTULO II

Do Comercio en Mercadiños

Artigo 9

O Comercio en mercadiños regularase, en canto á situación, celebración, horario, organización de acordo co establecido na ordenanza reguladora do Feirón Municipal, que figura como anexo a esta Ordenanza.

CAPÍTULO III

Do Comercio Itinerante

Artigo 10

Para o exercicio do Comercio Itinerante en camións ou furgonetas necesítase autorización municipal.

Artigo 11

A propaganda por medio de aparatos amplificadores ou reprodutores, débese realizar, no seu caso, sen que o volume ou decibelios emitidos poida molestar á veciñanza.

Artigo 12

Os vehículos utilizados para o comercio itinerante deberán cumprir tódolos requisitos da normativa vixente en materia de Seguridade e Sanidade dos produtos expedidos.

CAPÍTULO IV

Do Comercio na rúa

Artigo 13

- Enténdese por comercio na rúa, o que se celebre nas vías públicas, non regularmente e sen periodicidade determinada tanto nos postos de enclave fixo de carácter permanente, como mediante un itinerario que poderá ser fixado pola Comisión de Goberno.
- No primeiro suposto, a Comisión de Goberno fixará na licenza as condicións de execución desta modalidade de comercio.
- No segundo caso, que non require a instalación propia, levarase a cabo polo titular da licenza mediante un elemento auxiliar colector dos artigos e portado polo vendedor ao longo do percorrido autorizado na licenza que sexa expedida.

CAPÍTULO V

Solicitudes e autorizacións

Artigo 14

As autorizacións outorgaranse previa solicitude do interesado na que se fará constar:

- Nome e apelidos do petionario.
- Número do CIF.
- Especificación do tipo de venda.
- Concreción da zona onde pretende exercer a súa actividade.

A solicitude dirixirase ó Sr. Alcalde e entregarse no Rexistro Xeral do Concello para o seu estudo e correspondente acordo en función do estipulado nesta Ordenanza.

Artigo 15

Ademais da solicitude referida ao artigo anterior o petionario deberá achegar os seguintes documentos:

- Estar dado de alta no IAE.
- Alta e último recibo de ingreso das cotizacións á Seguridade Social.
- Fotocopia do DNI.
- Dúas fotografías tamaño carné.
- No seu caso, carné de manipulador de alimentos.

Artigo 16

As autorizacións para o exercicio do Comercio ambulante, serán concedidas por Acordo da Comisión de Goberno, contendo cando menos os seguintes datos:

- Titular da autorización.
- Tipo de comercio a exercer.
- Mercadorías autorizadas.
- Tamaño do posto ou tipo de vehículo no seu caso.
- Datas, horarios e lugares ou itinerarios permitidos.
- De ser o caso, condicións para o seu exercicio.

Así mesmo, deberá esixir no Concello un libro de Rexistro de Autorizacións que recollan as eventualidades que lle afecten ás mesmas.

Artigo 17

O órgano facultado para o efecto acordará a autorización ou denegación, en función da documentación achegada e considerados os informes emitidos.

No suposto de denegación, a resolución será motivada.

En todo caso, a adxudicación das autorizacións axustarase á seguinte orde de prioridades:

- Veciñanza de Arteixo.
- Veciñanza da Mancomunidade, no caso de que o concello pertenza a ela.
- Restantes peticionarios, por rigorosa orde de solicitude.

Artigo 18

Cando o solicitante sexa un agricultor, os documentos que cómpre achegar serán os seguintes:

- Último recibo do Imposto sobre bens inmobles de natureza rústica ou certificación de Facenda de que está incluído no Réxime de Agricultura, Gandería e Montes.
- Declaración xurada de que os artigos que se van vender son de produción propia.
- Relación das súas explotacións agrícolas e dos produtos cultivados nas mesmas.
- Alta e último recibo de ingreso das cotizacións á Seguridade Social no réxime agrario.

Artigo 19

Proverase de carné identificativo a tódolos vendedores autorizados. No documento, ademais da fotografía, constarán os seguintes datos:

- Nome e apelidos.
- Período de validez do permiso de venda.
- Artigo autorizado para a venda, especificando, no seu caso, que se trata de colleita propia.
- Lugar asignado para a venda.

Artigo 20

As autorizacións serán persoais e intransferíbeis podendo exercer a actividade en nome do titular, do seu cónxuxe e fillos, así como dos empregados que estean dados de alta na Seguridade Social, e manteranse invariábeis mentres non se efectúe de oficio un cambio nas condicións obxectivas da concesións. En tal caso, o Concello poderá expedir unha nova autorización polo tempo de vixencia que reste da anterior.

En cumprimento do disposto no artigo 5.2 do Real Decreto 1010/1985, de 5 de xuño, as autorizacións terán o carácter de anuais.

Excepción feita do apartado d) do artigo 2º no que se fará constar na autorización da mesma.

A renovación das licenzas deberá solicitarse polo interesado nos mes anterior ao remate da autorización.

O pagamento das licenzas ou autorizacións será anual, sendo satisfeitas previamente á súa expedición, establecéndose o prezo de cada unha das concedidas en 2.500 ptas. (15,03 €).

Artigo 21

A autorización ou licenza municipal non exime de obter e exhibir as que lles correspondan a outros Organismos.

Artigo 22

Os vendedores deberán estar en posesión de facturas e albarás que acrediten a procedencia da mercadoría e deberá presentala ante o requirimento da autoridade competente.

A ausencia destas, ou a negativa a presentalos, poderá dar lugar á cualificación de "mercadoría non identificada", procedéndose á súa retención ata que se produza a identificación da súa procedencia, concedéndose, a tal efecto, un prazo máximo de 15 días. Cando se trate de artigos perecedoiros, o tempo de retención reducirase ó axeitado para evitalo seu deterioro. Finalizado o prazo, e previo informe-proposta do facultativo, daráselle o destino que se estime pertinente.

Artigo 23

As autorizacións para as vendas en mercadiños e mercados ocasionais ou periódicos especificarán o tipo de produtos que poden ser vendidos, entre os que non se poden incluír:

- Carnes, aves e caza frescos, refrixerados ou conxelados.
- Pescados e mariscos frescos, refrixerados ou conxelados.
- Leite certificado e leite pasteurizado; queixos frescos, requeixo, nata, manteiga, iogur e outros produtos lácteos frescos.
- Pastelería, docería con recheo ou guarnecida.
- Pastas alimenticias frescas e con recheo.
- Anchoas, afumados e outras semiconservas.
- Pan e derivados, a excepción daqueles núcleos onde non exista despacho de venda.
- Aqueloutros produtos que polas súas especiais características deban dispor das axeitadas instalación frigoríficas ou deban estar debidamente envasados e poidan comportar un risco para a saúde a xuízo da autoridade sanitaria.

Artigo 24

A autorización municipal para a venda ambulante é intransferible e terá validez dun ano.

Artigo 25

As autorizacións poderán ser revogadas polo Concello nos casos de infraccións moi graves previstas na Lei 9/1988, Real Decreto 1945/1983, de 22 de xuño, sobre infraccións e sancións en materia de defensa do consumidor e da produción agroalimentaria, non dando dereito en ningún caso a indemnización nin ningunha compensación.

Terán carácter discrecional e en consecuencia poderán ser revogadas pola Comisión de Goberno cando o considere conveniente en atención á desaparición das circunstancias que a motivaron ou cando o esixa o interese público.

CAPÍTULO VI

Inspección.

Artigo 26

A Comisión de Goberno, ao autorizar calquera das modalidades de comercialización que se regulan na presente Ordenanza, vixiará e garantirá o debido cumprimento polos titulares das autorizacións, do preceptuado na mesma e na normativa aplicable.

Artigo 27

Corresponderalle ao Servizo de Inspección-veterinaria que designe a Comisión de Goberno:

- A inspección das condicións hixiénico-sanitarias daqueles artigos que o requiran.
- A proposta de suspensión da actividade mercantil e a retirada do Mercado daqueles produtos que se estimen prexudiciais para a saúde.
- Propoñer á Autoridade competente a adopción das medidas necesarias para protexer a saúde dos consumidores.

Artigo 28

A Policía Local velará polo mantemento da orde e exercerá as seguintes funcións:

- Vixiar que non se practique o comercio ambulante fóra das zonas de emprazamento autorizado.
- A organización interna do mercado. Executar o levantamento do posto cando proceda, así como efectuar a retirada de vultos cando non poida demostrarse a súa procedencia.
- Vixiar en xeral o cumprimento do disposto na normativa aplicable e nesta Ordenanza.
- Comprobar que se respecten as condicións que figuran na licenza, respecto aos artigos obxecto de comercio, extensión do posto, lugar, días, horario de comercio, prazo de vixencia, etc.
- Vixiar que se efectúe a exhibición da placa identificativa, así como a tarxeta de comerciante, agás no Feirón Municipal que será desempeñado polas persoas que o Concello designe.
- A comprobación da factura e procedencia do xénero.
- Esixir dos titulares de licenzas certa información se precise sobre da actividade que se exerza, así como acceder á documentación mercantil, industrial e contable, cando as circunstancias de inspección así o esixisen.
- Comprobar que os comerciantes ambulantes estean en posesión da pertinente autorización municipal e no seu caso, carné de vendedor e de manipulador de alimentos.
- Redactar a correspondente acta, cando se aprecien feitos que se estime que poidan constituír infracción ás disposicións existentes en materia de consumo.

Artigo 29

Cando se detecten infraccións cuxa sanción sexa competencia deste Concello, procederase á instrución do correspondente expediente previo á subseguinte imposición da sanción que corresponda se fose procedente. O expediente seguirase conforme ao establecido na lexislación de procedemento administrativo.

Artigo 30

Para os efectos desta Ordenanza, as infraccións clasifícanse da seguinte forma:

- Infraccións leves:
 - Non ter exposto ao público, coa suficiente notoriedade, a placa identificativa e o prezo de venda da mercadoría.
 - O incumprimento dalgunha das condicións establecidas na autorización municipal.
 - Calquera outra coacción ou omisión que constituía incumprimentos da Lei 9/1988, ou outra disposición aplicable e que non está considerada como falta grave ou moi grave, así como das

obrigas específicas derivadas da Ordenanza Municipal, agás que se atopen tipificadas nalgunhas das outras dúas categorías.

- **Infraccións graves:**
 - A reincidencia nas infraccións leves.
 - O incumprimento dos requisitos esixidos pola normativa reguladora dos produtos obxecto de comercio, así como o comercio dos non autorizados.
 - O desacato ou a negativa a subministrar información á autoridade municipal, ao funcionariado ou aos axentes no cumprimento da súa misión.
 - Non levar consigo o carné profesional de comerciante ambulante.
 - O comercio por persoas distintas ás contempladas na autorización.
- **Infraccións moi graves:**
 - A reincidencia en infraccións graves.
 - Carecer da autorización municipal correspondente.
 - Carecer dalgún dos requisitos establecidos para o exercicio do comercio ambulante no apartado A) do artigo 4 da presente Ordenanza.
 - A resistencia, coacción ou ameaza á autoridade municipal, funcionarios e axentes da mesma, en cumprimento da súa misión.

Artigo 31

As infraccións leves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de 10.000 ptas. (60,10 €).

As infraccións graves poderán ser sancionadas con apercibimento ou multa de 10.001 ptas. (60,11 €) a 50.000 ptas. (300,51 €).

As infraccións moi graves poderán ser sancionadas de 50.001 ptas. (300,51 €) a 100.000 ptas. (601,01 €), e no seu caso, a revogación da autorización municipal

Artigo 32

As prescricións das infraccións sinaladas no artigo 23 desta Ordenanza producirase da seguinte forma:

- As leves, aos dous meses.
- As graves, ao ano.
- As moi graves, aos dous anos.

O prazo de prescrición comezará a computarse desde o día que se cometa a infracción ou, no seu caso, desde aquel en que se iniciase o procedemento, e de conformidade co disposto no Código Penal.

Disposición Final

A presente Ordenanza entrará en vigor consonte ao ó establecido nas Disposicións aplicables (artigo 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local).

ANEXOS

PLANOS